

IGREXA ROMÁNICA DE SANTA MARÍA DE CAMBRE

HISTORIA

Foi construída no século XII seguindo a tradición do románico compostelano. Con todo, o Mosteiro foi fundado no século IX: Aloito construíu unha igrexa en "Calamber" coa advocación de San Salvador e Santa María. O dote foi considerable, a saber, a vila de Cambre e arredores, Sigrás (Cidriales) e Cela, entre outras.

A Casa de Traba, sobre todo Fernando Pérez de Traba, Conde de Galicia e o seu pai, Pedro Froilaz, considerábanse descendentes da familia que dominou a Vila e o mosteiro no século X. Na segunda metade do século XII, o mosteiro dependía de San Paio de Antealtares e, no século XV, aparece dependente de San Martiño Pinario.

Como feitos destacados hai que subliñar a incursión dos piratas ingleses comandados por Drake no ano 1589 e a dos exércitos napoleónicos no ano 1809: saquearon a reitoral así como a igrexa, que foi restaurada a partir de 1825. Debido á desamortización dos bens eclesíásticos, realizada por Mendizábal (1848), desapareceu definitivamente o mosteiro, permanecendo a igrexa como parroquial ata os nosos días.

Nunha das moitas inscricións que se conservan nos muros, destaca a do posible mestre construtor da Igrexa: *Micahel Petri me ficit*, aparece no salmer do arco do cuarto tramo da nave da esquerda.

DESCRIPCIÓN

Describe planta de cruz latina con tres naves divididas en catro tramos. A cabeceira desenvólvese por medio dunha xirola aberta a cinco capelas absidiais. A cuberta é de carpintería tanto nas naves como no transepto. Apréciase un lixeiro contraste entre o corpo arcaizante e a cabeceira, que xunta formas románicas con outras proto-góticas (nervos, oxivas).

A fachada occidental componse de tres corpos que reflicten a organización interna en tres naves. Estes tres corpos sepáranse por medio de contrafortes centrais nos que se encostan semicolumnas. Entre os contrafortes e a porta hai dous codillos redondeados rematados por capiteis con cimacios prolongados horizontalmente. A porta está conformada por un timpano apoiado en ménsulas figuradas e posúe dúas arquivoltas con columnas pareadas a interna e unha soa a externa. A continuación atópase o tornachoivas; susténtase por medio de seis canzoriños; despois abre un poderoso rosetón decorado con diversas molduras e un círculo interno de arquiños de ferradura cegos. Oito óculos radiais arredor dun central máis grande, completan o conxunto profusamente decorado. Embutido parcialmente no contraforte da dereita sobresaia un torreón cilíndrico que acubilla as escaleiras de caracol que levan aos niveis superiores da igrexa.

Nos dous corpos laterais abrense dúas fermosas ventás. A da esquerda amosa no coroamento un arco de medio punto cunha moldura externa xaquelada, á que seguen cinco arquiños de ferradura. A ventá da dereita amosa cinco arquiños de ferradura pentalobulados, caso único no románico galego.




Nave Central.
Arcos formeiros, faxóns, peraltados, capiteis vexetais e xeométricos, piares cruciformes... Todo conforma a estrutura arquitectónica interior da igrexa de Cambre.




Altar Maior.
Incluído na Ábsida principal, o Altar Maior é o corazón da igrexa. Orientado ao Leste, aí manifestábase a metáfora de Deus como "luz divina".



Xirola.
Trátase dun dos elementos máis singulares do Templo de Cambre: en Galicia só hai outras tres pequenas igrexas rurais con planta catedralicia e xirola.



Bóvedas de Crucería.
As capelas absidiais amosan novedosos elementos, a saber, os nervos e os arcos oxivais ou apuntados.



1. Porta Occidental
2. Timpano
3. Arquivoltas

4. Tornachoivas
5. Rosetón
6. Campanario
7. Contraforte
8. Naves laterais e central
9. Arco formeiro

10. Arco faxón
11. Piar cruciforme
12. Altar, presbiterio
13. Cruceiro ou transepto
14. Xirola
15. Capelas absidiais



Timpano e arquivoltas.
Agnus Dei, levado en volandas por dous anxos, e arquivoltas con motivos de loita de animais. O programa iconográfico de "salvación" resúmese de xeito maxistral na portada occidental do Templo de Cambre.



Rosetón.
Arquiños cegos de ferradura, molduras vexetais e nove óculos conforman o fermoso rosetón.




Ventá polilobulada.
Cada un dos cinco arquiños de ferradura teñen, a súa vez, outros tantos arquiños.



Capiteis historiado e vexetal.
O capitel historiado representa a pesaxe de almas o día do Xuízo Final. San Miguel e o demo pugnando por unha alma; o Grifo, protexendo o Templo.



Daniel entre os leóns.
O profeta Daniel representa o home fiel que non traiciona os seus principios.



Capiteis.
Entre os 94 capiteis da igrexa, a maioría de tipo vexetal, aparecen varios con motivos zoo e antropomorfos de extraordinaria feitura.



Baixo-relevo da Virxe co neno.
Todos os elementos que caracterizan a escultura románica europea pódense sintetizar nesta peza: alongamento, hieratismo, esquematismo, frontalismo...



Hidra de Xerusalén.
A última reliquia que se conserva en Cambre: un dos vasos ou recipientes onde Cristo converteu a auga en viño nas vodas de Canaán.

INFORMACIÓN XERAL
Concello de Cambre: www.cambre.org, Tf. 981 613128
Concellería de Cultura: Tf. 981 613193
Oficina de turismo: Tf. 981 656217, E-mail: museo@cambre.org